

dende 1989 poñendo en valor a cultura tradicional galega

breve historia

A comezos da década dos 70 tiveron lugar en Ortigueira as primeiras xuntanzas de gaiteiros e artesáns coa común preocupación de unificar criterios deste gremio de profesionais.

Ese sentimento de amor polo noso instrumento mais representativo foi o berce da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s (AGG), que tivo o 28 de maio de 1988 a súa primeira Xunta Xestora, formada por Antonio X. Castro, Xosé Vicente Ferreirós, Xosé Fernández Costas, Xosé Álvarez Marías, Ricardo Santos, Xosé Domingos Fuciños, Xoán Domínguez Silvar e Xoán Xosé Fernández e na que actuaría como presidente provisorio o emblemático gaiteiro de Viascón, Ricardo Portela.

As primeiras actuacións desta xunta xestora estiveron dirixidas a estruturar o que é hoxe a AGG, unha asociación sen ánimo de lucro de ámbito territorial

galego, que ten como finalidade principal, o estudo, defensa, fomento e divulgación da música e o baile tradicional galego.

Creáronse vocalías nas vilas e cidades galegas e comezouse unha campaña de implantación que acadou naquela época, uns cento cincuenta soci@s entre gaiteir@s, percusionistas, artesáns, musicólog@s, investigador@s e xente en xeral vinculada ao mundo da cultura galega.

Dende entón e ata a actualidade, como parte do compromiso de poñer en valor a nosa identidade como pobo, a AGG ven levando a cabo de forma ininterrompida actividades e traballos en prol da conservación e dinamización das nosas tradicións, sen deixar de medrar tanto na cantidade como na calidade das iniciativas culturais que desenvolve.

por qué debes asociarte?

Formarás parte da entidade asociativa máis representativa e con maior peso específico no tocante á música tradicional en Galicia.

Cooperarás nun proxecto colaborativo que defende a cultura tradicional galega como un valor da nosa identidade.

Contribuirás á conservación e difusión do patrimonio cultural galego.

Participarás activamente no fortalecemento e preservación da música e o baile tradicionais galegos.

Estarás informado sobre o traballo da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s.

Beneficiaraste dos servizos e actividades que realiza a AGG.

Disfrutarás de descontos exclusivos nas iniciativas da AGG; publicacións, activades, clases da Tradescola,...

Poderás participar nas Asambleas e expoñer os teus proxectos en virtude da música e o baile tradicionais galegos.

A túa aportación como soci@ nos permite levar a cabo proxectos en beneficio da nosa música e baile tradicionais.

Porque sen a colaboración de todos os asociad@s non sería posible a continuidade deste proxecto.

datos persoais

Nome e apelidos

DNI

Data de nacemento

Enderezo postal

CP

Poboación

Provincia

País

Teléfono

E-Mail

outros datos de interese

Profesión

Actividade artística

Grupo/s no/s que participas

datos bancarios para a domiciliación da cota de asociado/a

Titular da conta

DNI

*(Se o titular é diferente do socio/a)

Banco

IBAN (nº conta)

AUTORIZO a Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, con C.I.F. G-15208358 a que cargue no número de conta indicado, o recibo correspondente a cota anual de asociado/a da AGG.

Data e sinatura do titular

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), informámoslle de que os datos que nos facilita a través do presente formulario serán tratados pola Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, en diante AGG, e incorporados a un ficheiro titularidade da AGG, cuxa finalidade será a xestión por parte da Asociación d@s seus asociad@s, así como o envío de comunicacións e informacións de interese sobre as nosas actividades e servizos.

A base legal para o tratamento dos datos persoais é a execución da prestación do servizo correspondente á xestión d@s asociad@s da AGG e o consentimento expreso do titular dos datos ou no seu caso do pai/nai/tutor ou representante legal. Os datos facilitados non serán cedidos a terceiros salvo cando resulte necesario para a correcta xestión d@s asociad@s da AGG tanto nas actividades a realizar ou cando no lo consinta expresamente.

De conformidade co disposto no RGPD poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición, supresión, portabilidade, e limitación do tratamento, así como rexeitar o tratamento automatizado dos datos recollidos pola AGG, así como a retirar o consentimento que outorgase en calquera momento a través do enderezo electrónico secretaria@gaiteirosgalegos.gal ou no enderezo Quintán, 4 – Viascón, 36121 Cerdedo-Cotobade.

DOU O MEU CONSENTIMENTO EXPRESO E AUTORIZO Á AGG AO TRATAMENTO DOS MEUS DATOS PERSOAIS.

a cumprimentar pola AGG

Data da solicitude

Data de alta

Nº Soci@

Observacións
